



ACTA

En Arzúa, a 18 de outubro de 2016.

Sendo as 16.10 horas, reúnense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que realizará as **entrevistas**, (que constitúen a segunda fase do concurso convocado) con aqueles aspirantes que compareceron a realizar este trámite, dos corenta e catro que resultaron admitidos definitivamente neste proceso de selección, para poder seleccionar á persoa que se contratará temporalmente como **técnico en turismo**, por un período de tempo que concluirá o día 31 de decembro do presente ano, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Primeira das que rixen dito concurso, as cales foron aprobadas por decreto do alcalde ditado o día 29 de agosto de 2016.

Asisten a este acto os seguintes catro membros, por canto que o vogal D. Joaquim Vázquez Rodríguez (*Técnico de normalización lingüística do concello de Melide*) non puido comparecer:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do concello de Arzúa*).

- Vogais:

- D^a. Begoña Feijoo Juaros (*Profesora de inglés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).

- D^a María José Diz Alvarez (*Profesora de francés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).

- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*), que actúa con voz pero sen voto.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (aplicable a este procedemento por virtude do disposto na Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015 de 1 de outubro)--; o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión.

Deseguido, o Presidente e as dúas vogais da Comisión Seleccionadora, decidiron concretar cales serían as cuestións que cabería formular aos aspirantes que sucesivamente foron comparecendo a realizar as entrevistas persoais; convindo entre os tres que as cuestións que se ían a formular fosen as mesmas para cada aspirante, relacionadas coa súa adecuación ao posto de traballo; para ser respondidas nos idiomas francés, inglés e galego, respectivamente, por canto que nos curriculos presentados polos aspirantes se facía constar o nivel de coñcementos que tiñan en materia de idiomas, e por canto que a función principal da Oficina Municipal de Información Turística é a de información aos peregrinos, e nunha porcentaxe considerable dos que acuden a esa oficina se expresan neses idiomas.

Así, tendo en conta:

a) Que, para a realización das entrevistas, seguiríase o mesmo orde que o da presentación de instancias polos aspirantes no Rexistro Xeral deste Concello, solicitando tomar parte neste proceso

de selección, e

b) Que a puntuación máxima que procede outorgar nesta segunda fase do proceso de selección sería de 2,50 puntos.

Procedeuse a determinar cales serían esas tres cuestións, convido os tres que serían de carácter breve, dado o elevado número de aspirantes convocados.

De maneira que, unha vez confeccionado o texto de tales cuestións, procedeuse a realizar as entrevistas cos aspirantes, polo orde indicado.

Para o cal a vogal D^a María José Díz Alvarez formulou a cuestión en francés, a vogal D^a. Begoña Feijoo Juaros formulou a cuestión en inglés e o presidente D. Luis Fole Bario formulou a cuestión en galego.

Tras considerar as respostas dadas polos vinteún aspirantes que compareceron a realizar estas entrevistas; foronse puntuando sucesivamente as intervencións, de cada un deles, polos membros da Comisión Seleccionadora que formulara as cuestións; convido en deixar sin puntuar ao aspirante D. Miguel Angel Corral López, por canto que antes de iniciar a entrevista manifestou que estaba preocupado por un problema familiar de saúde que lle acababan de comunicar, e os membros da Comisión Seleccionadora aconselláronlle que marchase canto antes para poder atender ese problema, que en calquera caso era máis importante que este proceso de selección.

Sendo o resultado das puntuacións outorgadas aos vinte aspirantes que realizaron as entrevistas, o seguinte:

	Nome e apelidos	N.º de rexistro de entrada no concello	Puntuación entrevista (max. 2,5 puntos)
1	María del Rosario Canicoba Castro	2993	Non presentada
2	Sheila Montenegro Rivas	3017	1
3	María Lorenzo Rey	3027	Non presentada
4	María del Pilar López López	3035	Non presentada
5	María del Mar López Cordeiro	3036	0,75
6	Sergio Rodríguez Lourido	3048	Non presentado
7	Laura Brenlla Suarez	3051	1
8	Daniel Rodríguez Verde	3059	Non presentado
9	Zaira Rodríguez Vázquez	3078	Non presentada
10	Sonia Rodríguez Miguez	3079	Non presentada
11	Antía Carracedo Rivera	3080	2
12	Rocio Barreiro Varela	3081	Non presentada
13	Anxo Castelo Cuesta	3086	0,50
14	Angela Guillan Armendariz	3087	Non presentada
15	Marta Taboada Xavier	3088	Non presentada
16	María de la Paz Ferreiro Cendan	3089	Non presentada
17	Laura Bello Sánchez	3091	0,50
18	Barbara Martínez Andrés	3092	Non presentada
19	Suevia Ansede Río	3104	Non presentada
20	Melisa Tato Regueiro	3116	Non presentada
21	Azahara María López Funcasta	3117	Non presentada
22	Daniel Gómez Pallares	3121	2

23	Pablo Jesús Gómez Amado	3124	Non presentado
24	Abraan Cajaraville Resua	3130	0,75
25	Adela María Somoza Pazos	3133	1
26	Ana Piñeiro Rios	3137	2,25
27	Marta López París	3141	Non presentada
28	María José Falcón Almón	3142	Non presentada
29	Alicia Iglesias Bañobre	3143	0,25
30	Beatriz Roo Vázquez	3155	0,25
31	Vanesa González Ferreira	3156	Non presentada
32	Margarita Losada Piñeiro	3157	0,25
33	Beatriz Rey Novoa	3159	Non presentada
34	Santiago Villanueva Rivas	3160	0,25
35	Celia Parrado Rodríguez	3161	Non presentada
36	Mercedes Mateos Carreira	3162	Non presentada
37	Alicia López García	3186	0,25
38	Beatriz López Arosa	3187	0,75
39	María Uxía Pérez Astray	3201	Non presentada
40	José Luis Palmeiro Piñeiro	3202	2,5
41	Noemí Alvarez Doallo	3203	1
42	María del Carmen Segade Couto	3204	1,75
43	Miguel Angel Corral López	3212	
44	Marcos Monteagudo Fariña	3213	0,75

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas;

Adoptouse -por unanimidade dos tres membros da Comisión Seleccionadora con dereito a voto- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas para cada un dos vinte aspirantes que realizaron as entrevistas que constituén a fase segunda do proceso de selección; de maneira que os tres membros da Comisión Seleccionadora, suscribiron tamén as puntuacións que outorgaran cada un deles.

Segundo.- Decidir non realizar a proba sobre coñecementos do idioma galego, por canto que todos os aspirantes que compareceron a realizar as entrevistas, salvo un, acreditaron que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado; polo que -segundo se dispón na Base Novena- estarían exentos de realizar esta proba, obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,50 puntos cada un deles, por vir así previsto nesa Base; e en canto á aspirante que, compareceu a realizar a entrevista pero non aporta esa acreditación, puidose comprobar que -aínda que obtivera a máxima puntuación de 2,50 puntos nesa proba- habería varios aspirantes que terían unha maior puntuación total que ella.

Terceiro.- Ao indicarse, na Base Novena das que rixen este proceso de selección, que a puntuación final obtida por cada aspirante viría determinada pola suma das puntuacións acadadas nas tres fases que integran o proceso de selección (valoración de méritos, entrevista e proba de coñecementos do idioma galego); se concreta que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polos aspirantes interesados en participar neste proceso de selección, son as seguintes:

	Nome e apelidos	Meritos	Entrevista	Gallego	Total
1	María del Rosario Canicoba Castro	0,60	Non presentado	2,5	3,10
2	Sheila Montenegro Rivas	3,40	1	2,5	6,9
3	María Lorenzo Rey	0	Non presentada	2,5	2,5
4	María del Pilar López López	0	Non presentada	0	0
5	María del Mar López Cordeiro	0	0,75	0	0,75
6	Sergio Rodríguez Lourido	0	Non presentado	2,5	2,5
7	Laura Brenlla Suarez	0,40	1	2,5	3,9
8	Daniel Rodríguez Verde	1	Non presentado	2,5	3,5
9	Zaira Rodríguez Vázquez	0	Non presentada	2,5	2,5
10	Sonia Rodríguez Míguez	3,40	Non presentada	2,5	5,9
11	Antía Carracedo Rivera	0,80	2	2,5	5,3
12	Rocio Barreiro Varela	2,40	Non presentada	2,5	4,9
13	Anxo Castelo Cuesta	1	0,50	0	1,50
14	Angela Guillan Armendariz	1	Non presentada	2,5	3,5
15	Marta Taboada Xavier	1	Non presentada	0	1
16	María de la Paz Ferreiro Cendan	0	Non presentada	2,5	2,5
17	Laura Bello Sánchez	1	0,50	2,5	4
18	Barbara Martínez Andrés	2,20	Non presentada	2,5	4,7
19	Suevia Ansede Río	1,20	Non presentada	0	1,20
20	Melisa Tato Regueiro	0	Non presentada	0	0
21	Azahara María López Funcasta	0	Non presentada	2,5	2,5
22	Daniel Gómez Pallares	5,20	2	2,5	9,7
23	Pablo Jesús Gómez Amado	1	Non presentado	2,5	3,5
24	Abraan Cajaraville Resua	0	0,75	2,5	3,25
25	Adela María Somoza Pazos	0	1	2,5	3,5
26	Ana Piñeiro Rios	0	2,25	2,5	4,75
27	Marta López París	0	Non presentada	2,5	2,5
28	María José Falcón Almón	0	Non presentada	0	0
29	Alicia Iglesias Bañobre	0	0,25	2,5	2,75
30	Beatriz Roo Vázquez	0	0,25	2,5	2,75
31	Vanesa González Ferreira	0	Non presentada	2,5	2,5
32	Margarita Losada Piñeiro	0	0,25	2,5	2,75
33	Beatriz Rey Novoa	0	Non presentada	2,5	2,5
34	Santiago Villanueva Rivas	2,60	0,25	2,5	5,35
35	Celia Parrado Rodríguez	1,60	Non presentada	2,5	4,1
36	Mercedes Mateos Carreira	0	Non presentada	2,5	2,5
37	Alicia López García	0	0,25	2,5	2,75

38	Beatriz López Arosa	1	0,75	2,5	4,25
39	María Uxía Pérez Astray	0	Non presentada	0	0
40	José Luis Palmeiro Piñeiro	2,20	2,5	2,5	7,2
41	Noemí Alvarez Doallo	3,60	1	2,5	7,1
42	María del Carmen Segade Couto	7,20	1,75	2,5	11,45
43	Miguel Angel Corral López	0		2,5	2,5
44	Marcos Monteagudo Fariña	0	0,75	2,5	3,25

Cuarto.- Formular ao alcalde a proposta de contratación a favor da aspirante **María del Carmen Segade Couto**, para desempeñar o posto de traballo de técnico en turismo do Concello de Arzúa, por ser a aspirante que obtivo a maior puntuación ao final do proceso de selección.

Quinto.- Concretar que, para o suposto de que dita aspirante non poidese acreditar -dentro dos tres días hábiles previstos na Base Undécima- os requisitos necesarios para realizar a súa contratación, ou renunciase a esa contratación, a proposta agora formulada se entende trasladada a favor do seguinte ou seguintes aspirantes, polo orde de puntuación total obtida.

Sexto.- Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web deste Concello, dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou calquera outro acto impugnatorio.

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo dos tres días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación deste acta, co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida a través da Base Undécima das que rixen o proceso de selección.

Co cal douse por rematado o acto, ás 19.00 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscriba polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal o secretario desta Comisión da fe